

Atención sociosanitaria a mulleres
en risco de exclusión social
INFORME 2009

Galicia



MÉDICOS DO MUNDO- GALICIA

Rúa Eduardo Pondal, 2, baixo, 981 57 81 82 - Santiago de Compostela

galicia@medicosdelmundo.org

INTRODUCCIÓN

Médicos do Mundo, ao longo do ano 2.009, atendeu a aquelas mulleres que se atopan en risco ou en situación de exclusión social e que, por dito motivo, ven os seus dereitos vulnerados, en especial, o de acceso á atención sanitaria.

Ditas mulleres son as usuarias de drogas que viven en condicións de marxinalidade e as que se atopan nunha situación de prostitución, colectivo este último que nos últimos anos variou considerablemente en Galicia, estando formado agora dun xeito maioritario por mulleres inmigrantes sen autorización de residencia.

Pola especificidade dos colectivos ao que se dirixe, o programa faise, mediante unha Unidade Móbil, para poder achegarnos ao medio onde se atopan estas mulleres; é dicir, non se trata de agardar a que elas se acheguen a nós, senón de localizalas, informalas e, se é preciso, acompañalas aos recursos existentes ou, incluso, intervir directamente sobre os seus problemas para tratar de palialos no mesmo lugar onde se atopan.

Tamén poñemos á disposición das nosas usuarias un teléfono de atención 24 horas (o 600 581 754) para atende-las demandas urxentes que poidan presentarse.

Esta actividade sufriu importantes modificacións en España nos últimos anos, pasando de ser exercida por mulleres españolas con importantes deficiencias culturais e educativas e en moitos casos con adicións ás drogas, a selo por mulleres inmigrantes en situación administrativa irregular e que en gran parte son sometidas por redes de tráfico de persoas.

Médicos do Mundo, nas súas intervencións, evitou sempre o enfoque asistencialista, colaborando coas persoas atendidas para que fosen elas as que participasen na solución dos seus problemas e non se creara unha dependencia dos organismos que lles axudan.

A Unidade Móbil desprázase ás zoas onde se exerce prostitución de rúa, nos pisos ou nos clubs nas cidades de Vigo, Coruña, as áreas de influencia de ésta, Carballo e Santiago de Compostela (ademais de facer unha constante labor de búsqueda de novos lugares de concentración das mesmas), ademais de facer unha constante labor de búsqueda de novos lugares de concentración das mesmas.

A estigmatización á que están sometidas as mulleres prostituídas (xunto á falta dun permiso de residencia, en moitos casos) ponllas nunha situación de alta vulnerabilidade ante diferentes riscos tanto sanitarios (contracción de enfermidades de transmisión sexual), como sociais, por non falar do risco permanente de sufrir violencia física.

A intervención que se fai é integral, é dicir, trata de resolverse calquera tipo de demanda que se faga, contando cun equipo interdisciplinar de traballo, cunha ampla experiencia na atención a colectivos desfavorecidos.

OBXECTIVOS

OBXECTIVO XERAL:

- Axudar na mellora da situación das mulleres que exercen a prostitución e as inmigrantes en situación de vulnerabilidade, reducindo os riscos e danos derivados do exercicio da prostitución, favorecendo o achegamento das usuarias aos recursos socio-sanitarios existentes e tratando de previ-la contracción de infeccións de transmisión sexual.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Favorece-la autoestima e competencia da poboación diana do programa, de xeito que acaden uns graos básicos de autonomía persoal e social.
- Diminuí-las conductas de risco para a transmisión de enfermidades de transmisión sexual (VIH/Sida e outras)
- Introducir habilidades sobre hixiene persoal e hábitos alimenticios saudables
- Dotar de coñecementos básicos sobre saúde reproductiva e prevención de enfermidades de transmisión sexual
- Realizar actividades de sensibilización e denuncia social para achegar a problemática ao conxunto da sociedade

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS

ACTIVIDADES

- Reparto de material informativo sobre os recursos sociais e sanitarios
- Derivación das usuarias que o demanden aos servizos sociais e sanitarios existentes na zoa e acompañamento aos recursos ás usuarias que o precisen
- Reparto de material informativo sobre a contracción e prevención das ITS

- Reparto de material preventivo axeitado
- Intervencións en saúde mental
- Realización de talleres sobre contracción e prevención de ITS e de educación para a saúde

Actividades por espazos de intervención	Frecuencia
Atención directa coa unidade móbil	Semanal
Teléfono de atención 24 horas	Permanente
Atención directa no Centros fixo (CEREDA)	Según necesidades

Actividades	Frecuencia
Acollida e información ás usuarias	Diaria
Distribución de material preventivo	Diaria
Obradoiros de educación para a saúde	Diaria
Derivación hacia outros recursos	Diaria
Acompañamento nas derivacións	Según necesidades
Información, asesoramento e tramitación sobre tarxetas sanitarias para inmigrantes	Diaria
Atención das traballadoras sociais	Diaria
Atención psicolóxica	Semanal
Atención xurídica	Según necesidades
Coordinación cos servizos sociais e sanitarios referentes dos lugares de intervención	Permanente
Cumprimentación dos estadillos de actividade	Diario
Definición dos lugares de intervención	Permanente
Evaluación do seguimento da actividade	Mensual
Preparación dos materiais	Semanal
Formación e reciclaxe do persoal contratado e voluntario	Semestral
Elaboración da memoria final	Anual

RECURSOS EMPREGADOS

ρ RECURSOS HUMÁNS.-


- › **Persoal contratado.**- Un coordinador de sede, un coordinador do programa, tres educadoras de rúa (unha socióloga, unha traballadora social e unha enfermeira) e unha técnica de apoio administrativo-financieiro.
- › **Persoal voluntario.**- Voluntarios sanitarios e non sanitarios, todos eles previamente formados por Médicos do Mundo.

ρ RECURSOS MATERIAIS.-


- › **Preservativos Masculino e Feminino**- Profilácticos rectos, con depósito, lubricados. Debidamente testados para as distintas practicas sexuais (fellatio, coito vaxinal, coito anal).
- › **Lubricante.**- Bolsiñas de lubricante hidrosoluble (coito vaxinal e/ou anal).
- › **Material didáctico.**- Pósters/láminas plastificadas para os obradoiros, diapositivas, folletos (I.T.S., VIH/SIDA, Hepatites C, B), revista bimensual, chisqueiros, etc., con mensaxes de prevención do VIH e técnicas de redución de danos.
- › **Soporte audiovisual e informático** (televisión, vídeo, películas didácticas. Ordenador e impresoras).
- › **Material informativo.**- Folletos e trípticos informativos de horarios e recursos asistenciais.
- › **Material de rexistro.**- Fichas-estadillos para o rexistro de actividade diaria, follas de derivación e base de datos.

DATOS DA ACTIVIDADE NA UNIDADE MÓBIL (do 01-01-08 ao 31-10-08)

* *Número de usuarias:*



* *Tipo de atencións prestadas:*



- *Tipo de atención realizada:*

Psicolóxica	54
Derivación (coordinación interinstitucional)	
Seguimento	5
Violencia de xénero	
Autoestima	24
Counselling pre-test VIH	12
Atención directa	13
Sanitaria	226
Información - orientación	137
Derivación - coordinación interinstitucional	45
Acompañamento	24
Seguimento	12
Atención medicina xeral	
Intervención sobre ITS	2
Analíticas	
Vacunacións	
Test de embarazo	6
Curas	
Test VIH	15
Social	204
Información - asesoramento	13
Derivación - coordinación interinstitucional	5
Acompañamento	2
Seguimento	48
Acollida	112
Tramitación da tarxeta sanitaria	15
Formación	1
Temas laboráis	4
Temas xurídicos en xeral	4
Obradoiros grupais	91
Educación para a saúde	23
Sexo máis seguro	68
Obradoiros individuais	393
Reducción de danos	62
Saúde	189
Sexo máis seguro	72
VIH/Sida	57
Planificación familiar	13
Outros	0

** Material preventivo dispensado:*

Nº de xiringas recollidas	78
Nº de xiringas entregadas	89
Nº de preservativos entregados	33900
Nº de sobres de lubricante entregados	16172
Nº de entregas de auga bidestilada	2
Nº de persoas que recibiron toallíñas de alcohol	9
Nº de persoas que recibiron ácido cítrico	9
Nº de compresores entregados	6
Nº de preservativos femeninos	297
Nº de entregas de cazoletas	0

UBICACIÓN E CRONOGRAMA

* VIGO (tódalas tardes e noites dos xoves)

- Ferreiria
- Jacinto Benavente.
- García Olloqui.
- Bouzas
- Pisos do centro de Vigo

* A CORUÑA e As Mariñas (Arteixo, Culleredo, Bergondo,...)

- Barrios do Orzán e A Florida (tardes dos luns)
- Clubes da cidade e arredores (noites dos martes e os mércores).

* SANTIAGO

- Pisos Centro (luns ou xoves)
- Pisos Milladoiro (luns ou xoves)

* CARBALLO e arredores

- Diferentes clubs, alternándoos quincenalmente.